

A diplomacia cultural: unha perspectiva no século XXI

Martha Tatiana Angeles Rivas

Universidad Nacional Autónoma de México

RESUMO: O estudo da diplomacia cultural xoga un papel importante nas relacións internacionais actuais, caracterizadas pola presenza de novos actores e obxectivos, que utilizan a cultura como parte da súa política exterior para obter prestixio e difundir unha imaxe positiva, fomentando a través de estratexias de promoción cultural a súa influencia no actual entorno internacional. Neste sentido, o artigo pretende esbozar e clarificar o que se entende por diplomacia cultural no século XXI.

Palabras chave: Diplomacia Cultural, Paradiplomacia, Cultura, Relacións internacionais.

RESUMEN: El estudio de la diplomacia cultural desempeña un papel importante en las relaciones internacionales actuales, caracterizadas por la presencia de nuevos actores y objetivos, que utilizan a la cultura como parte de su política exterior con el propósito de obtener prestigio y difundir una imagen positiva, incentivando por medio de estrategias de promoción cultural su influencia en el actual entorno internacional. En ese sentido, el artículo tiene como finalidad delinear y clarificar qué se entiende por diplomacia cultural en el siglo XXI.

Palabras Clave: Diplomacia Cultural, Paradiplomacia, Cultura, relaciones internacionales.

ABSTRACT: The study of cultural diplomacy plays an important role in current international relations, characterized by the presence of new actors and objectives, that use culture as part of their foreign policy with the purpose of gaining prestige and promote a positive image, encouraging their influence in the current international environment through strategies of cultural promotion. In this regard, the article has as intended to delineate and clarify, what is meant by cultural diplomacy in the 21st century.

Keywords: Cultural Diplomacy, Paradiplomacy, Culture, international relations.

1. Introducción

Actualmente, o termo de diplomacia cultural desempeña un papel relevante dentro das relacións internacionais, sitúase como un concepto novo que debe ser entendido e comprendido para relacionar a estratexia cultural coa diplomacia tradicional. A cultura contribúe a facilitar un maior achegamento entre os Estados, onde se fai susceptible a creación dun cartón de presentación no seu esforzo por promocionar unha identidade característica e propia, recoñecida de maneira internacional.

Más alá disto, a diplomacia cultural é un fundamento chave para o século XXI, xoga un rol importante na promoción dunha imaxe de prestixio dunha nación. Ademais, xera un clima

de entendemento mutuo e cooperación, motivado pola integración de intercambios culturais que permiten coñecer e cimentar a identidade nacional, é dicir, as nacións consideran á cultura como un compoñente relevante dentro da súa política exterior.

Pode ser definida como un conxunto de estratexias que son levadas a cabo polo Estado, os seus representantes e outros novos actores no exterior a través de mecanismos multilaterais coa finalidade de destacar os valores, a identidade e costumes da nación, promover unha imaxe de prestixio e xerar un clima de entendemento mutuo e cooperación, motivado pola integración de intercambios culturais con outras nacións. Ademais, a diplomacia cultural utilízase dentro dunha pluralidade de Estados con fins políticos onde os Estados, e actualmente entidades autónomas ou Estados que non son recoñecidos pola comunidade internacional como Estados de pleno dereito, toman á cultura como unha maneira de difundir unha imaxe positiva e incentivar por medio de estratexias de promoción cultural, a súa influencia na contorna internacional.

Este artigo ten como finalidade delinear e clarificar que se entende por diplomacia cultural no século XXI, ademais de recoñecer cal é a participación dentro das accións exteriores dalgúns Estados non recoñecidos e entidades autónomas como Galicia. Ante a ausencia e as controversias, este propósito xorde da relevancia deste concepto dentro das novas políticas exteriores de distintas nacións, en relación coa aparición de novos actores e retos dentro da conxuntura internacional actual. Esta contribución divídese en tres partes. En primeira instancia responde en profundidade a unha ringleira de preguntas: que antecedentes forxaron o seu marco de referencia?, que é a diplomacia cultural?, cales son os seus obxectivos e quen son os seus principais actores? Por outra banda, analiza a presenza ou participación da diplomacia cultural na acción exterior de entidades subestatais. E, finalmente, examina de xeito breve a paradiplomacia cultural de Galicia.

2. Antecedentes

O concepto de diplomacia cultural non pode ser visto nin entendido como un concepto actual do século XXI. Posúe unha longa historia na estratexia política exterior de varios países que durante a Guerra Fría comezaron a xerar poder por medio da cultura para amosarse ao exterior, é dicir, era vista como unha ferramenta poderosa ao servizo da práctica diplomática a cal trataba de asegurar a identidade cultural e incentivar un ambiente de paz tras os conflitos emprendidos durante ese período.

Ao longo do século XX varias nacións valéronse do factor cultural para crear unha tradición de achegamento, cooperación e intercambio como alicerce das súas políticas exteriores, é dicir, en maior ou menor medida e dunha maneira ou doutra, comezaron a considerar á cultura como un compoñente importante da súa política exterior (Rodríguez, 2015). Con todo, non foi até hai poucos anos cando o termo de diplomacia cultural foi cobrando aínda maior importancia dentro das relacións internacionais e a medida dunha realidade máis complexa, a diplomacia cultural adquiriu maior presenza noutros asuntos internacionais.

Un dos antecedentes máis claros que axudaron a introducir este termo, atópase na noción de “*soft power*” formulada por Joseph Nye. Este autor relaciona os conceptos de diplomacia pública e diplomacia cultural, definíndoos como unha parte do *soft power* que representa a

habilidade para conseguir o que un pretende a través da sedución e non por medio da coerción. Ademais, afirma que o poder brando dunha nación baséase principalmente en tres recursos: cultura (aquelas partes que resultan atractivas a outros), valores políticos (cando a nación está á altura dentro e fóra) e a política exterior (establece que é lexítima e conta con autoridade moral reconecida) (Saddiki, 2009). Este tres factores axudan a comprender a relación que se establece entre a diplomacia cultural e o *soft power*. Neste sentido, fálase da importancia que posúe a cultura ao ser considerada unha ferramenta con poderío e persuasión para os Estados que, ao unir a promoción cultural e a cooperación internacional pouco a pouco, aspiran a exercer maior influencia de alcance internacional, recorrendo a estratexias de *soft power* plasmadas na diplomacia cultural.

Tras o aumento da importancia deste concepto, a contorna internacional é influenciada e toma consciencia da emerxencia das dimensións culturais, onde os Estados perciben as nocións étnicas, culturais e relixiosas, para adaptalas dentro das súas estratexias de política exterior. Por tanto, a cultura pasou a considerarse como unívoca e o seu impacto na condución da diplomacia é incuestionable.

Actualmente, a cultura está cada vez máis presente dentro das relacións internacionais dos países, xa que pode identificarse como unha das dimensións dentro da vida social que xera maior identidade, recoñecemento, intercambio e dispón maior relevancia dentro de novas manifestacións culturais, relacionándoa con aspectos económicos, políticos e sociais. Neste contexto, a cultura cobrou significación en asuntos vitais como a globalización, os fluxos migratorios e a afirmación dos dereitos culturais e, á súa vez, actúa como unha ferramenta indispensable para asegurar a presenza cultural nacional, que cada vez máis gobernos consideran unha prioridade (Rodríguez, 2014).

3. Que é a diplomacia cultural?

A diplomacia cultural refírese ao papel que desempeñan os factores culturais nas relacións internacionais, así mesmo é considerada un dos fundamentos chave do século XXI encargada de construír confianza e comprensión mutua entre as nacións. Unha das definicións de diplomacia cultural máis coñecidas e amplamente utilizadas é a formulada por Milton Cummings, quen a define como “o intercambio de ideas, información, arte e outros aspectos da cultura entre as nacións e os seus pobos para fomentar o entendemento mutuo” (Saddiki, 2009).

De igual xeito, pode entenderse como un conxunto de relacións e accións levadas a cabo no exterior a través da cooperación cultural, a promoción de valores e recursos culturais, coa finalidade de difundir e establecer, por medio destes elementos centrais, unha carta de presentación que eleve o poder da nación nun contexto internacional. En consecuencia, optouse pola construción de vínculos culturais en múltiples escenarios, onde son partícipes diversos actores baixo a premisa de difundir a súa identidade e intereses, así como xerar relacións máis duradeiras, demostrando que a diplomacia cultural fortifica o poder de negociación do Estado, dá apertura a estratexias multilaterais para alcanzar recoñecemento e facilitar comprensión e percepción dunha imaxe internacional.

A consecuencia da emerxencia da diplomacia cultural, asociáronse e desenvolvéronse outros conceptos que forman parte do seu entendemento. Por exemplo, a paradiplomacia ou a gobernanza multinivel son dous conceptos asociados á contorna actual. O primeiro defínese como o conxunto de accións que desenvolven as administracións non estatais no ámbito da diplomacia, mentres o segundo atribúese a distintos niveis de goberno, desde a administración local até os distintos ministerios ou departamentos, os cales interveñen en menor ou maior medida no exterior (Estudo Diplomacia Cultural, 2010).

En consecuencia, a diplomacia cultural caracterízase pola multiplicidade de actores que interveñen, a diversa escala e desde todos os niveis de goberno, coa fin de promover o entendemento mutuo ou favorecer o interese nacional. Á súa vez, pasou de ser unha actividade de intercambios artísticos e intelectuais dirixida polos gobernos centrais a unha que asume un rol na representación do conxunto dunha nación, Estados non recoñecidos ou entidades autónomas, onde se considera un elemento útil dentro dos aspectos políticos para lograr un recoñecemento e facer máis presente a aquelas culturas de dimensións máis pequenas (Martínez e Rius, 2016).

4. Obxectivos e actores principais

Os obxectivos dentro da política exterior de varios Estados defínense en función do interese nacional e deben ser apoiados por medio das accións diplomáticas, é dicir, a diplomacia debe ser considerada dentro da escena política desde un punto de vista onde a nación se comprometa a crear visibilidade e obter valor cara á contorna internacional. Por tal motivo, a cultura fai presenza como un elemento integrante do interese nacional e é ligado á construción da referida política exterior. Isto posúe implicación na creación dos obxectivos da diplomacia cultural, que presenta un profundo potencial e expande o seu alcance en integración do *soft power* (Montoya, 2012).

A pesar da diversidade de estruturas e compoñentes da política exterior dos países, estes sempre procuran unha mesma finalidade a través da diplomacia cultural, a cal presenta diversos obxectivos. Ente eles os máis relevantes son: a) destacar os valores e costumes, estilos de vida, manifestacións artísticas e culturais do país, b) promover unha imaxe positiva do país no exterior, c) situar ao país no exterior, d) xerar un clima de cooperación propicio aos negocios, status e investimentos, e) construción de vínculos culturais en múltiples escenarios, coa participación de diversos actores coa premisa de xerar percepción da diversidade e asociala a unha lexitimidade e respecto (Rodríguez, 2014).

Os devanditos obxectivos xorden coa esperanza de crear coñecemento, confianza e comprensión entre os países, así como de xerar relacións máis estables e duradeiras. Do mesmo xeito, a diplomacia cultural desenvólvese en aras de promover os valores e cultura do país, co propósito de crear pontes que leven ao entendemento mutuo a través da expresión da súa cultura, lingua, tradicións e valores.

Da mesma maneira, estes obxectivos procúranse través dun amplo número de actores e principalmente de institucións gobernamentais, que varían de país a país e profésanse por medio da coordinación dos seus representantes diplomáticos e consulares mediante convenios, actividades e programas de cooperación cultural (Rodríguez, 2014). Ademais, o Estado actúa como o principal actor a hora de realizar a política exterior e, polo tanto, as accións de diplo-

macia cultural responden aos obxectivos e ás axendas diplomáticas dos países, onde se fundamentan e integran en ministerios, institutos e/ou secretarías, como o Ministerio de Asuntos Exteriores en Francia, o British Council en Reino Unido, a Secretaría de Relacións Exteriores en México ou o Instituto Cervantes en España, entre outros.

Porén, nos últimos anos a diplomacia cultural que tradicionalmente estivo centrada na acción dos Estados observa un gran despregamento na internacionalización doutros actores, que se ocupan das relacións culturais para fomentar a súa importancia no exterior. Estes actores abrakan desde as cidades, gobernos rexionais e locais até Estados non recoñecidos, quen non soamente se consolidaron como actores culturais de primeira orde a nivel territorial, senón que asumiron un papel estratéxico na acción cultural internacional, creando amplas competencias en cultura e unha gradual apertura (Martínez, 2020).

Neste escenario desenvolvéronse instrumentos institucionais e programas específicos en materia de política cultural internacional, encabezados pola existencia de gran diversidade propiciada por múltiples experiencias, visións, identidades e intereses nacionais e transnacionais no mundo. Noutras palabras, o aumento de novos actores dentro da diplomacia cultural permite evidenciar que a dimensión cultural do *soft power* nas políticas exteriores vai máis aló do establecido e convida a xerar aínda maior importancia ao longo do século XXI, fomentando o entendemento non só de nacións senón dos diversos actores en múltiples niveis.

5. Diplomacia cultural na acción exterior de entidades subestatais

Calquera territorio onde se exerce poder político está obrigado a crear un sentido de pertenza na súa cidadanía. Este sentido de pertenza chamado identidade permite que a orde política do devandito territorio adquira lexitimidade e así asegure a súa propia existencia, aceptando a creación dunha identidade baseada na cultura e accións diplomáticas culturais para a súa promoción. Como se sinalou, a diplomacia cultural adoita ser definida como unha integración de intercambios, entendemento mutuo e formación de relacións culturais entre os países, onde se acrecentou o seu nivel de actuar, os seus medios de acción e á súa vez, foise descentralizando. En consecuencia, produciuse a proliferación de diversas estruturas de política cultural exterior de tipo subestatal en todo o mundo, de xeito que a relación entre a diplomacia cultural e as culturas que integran un Estado resulta complexa.

Evidentemente, o contexto internacional e o contexto interno inciden na diplomacia cultural, posto que esta complexidade xorde particularmente naqueles Estados plurinacionais, nos que a política cultural exterior pode converterse nun instrumento ao servizo do nacionalismo tanto central como subestatal, orientado a hexemonizar poder en diversos ámbitos sociais e políticos. Con todo, entidades autónomas e Estados non recoñecidos, reclaman os seus dereitos de autonomía e identidade, ao mesmo tempo esta reclamación está ligada á descentralización dos Estados, a cal pode variar dun país a outro (Martínez e Rius, 2016). En efecto, a diplomacia cultural céntrase no desafío de articular o carácter multicultural e plurinacional do Estado nunha mesma estratexia exterior, ademais de encarar os obstáculos ocasionados pola cimentación dunha coordinación multinivel co obxectivo de mostrar unha imaxe non conflitiva e homoxénea da cultura e, en certos casos, enfrontar a restrición da actividade subestatal.

Desde hai tempo, a intervención de administracións locais e rexionais en asuntos internacionais de índole cultural tense situado como un fenómeno crecente, que cada vez posúe máis recoñecemento ou trata de visibilizar que a diplomacia cultural tamén sexa un tema da súa incumbencia. En conexión con isto, xurdiron diferentes esquemas gobernamentais descentralizados, os cales incorporan actividades culturais subestatais e programas onde se recoñece a participación destas entidades; en si fábase de accións exteriores culturais denominadas paradiplomacias culturais (Martínez e Rius, 2016).

As actividades que desenvolve a paradiplomacia cultural son simultáneas ao sistema legal e administrativo do Estado, pero tamén existen casos nos que o seu desenvolvemento é comparable coa diplomacia cultural, ocasionando diversas complexidades coa axenda exterior de gobernos centrais. Para isto, necesítase empregar unha política exterior e participar en defensa dos seus intereses específicos e necesidades.

Hoxe en día existen entidades subestatais que pola súa complexidade necesitan a súa propia política exterior. Fronte a esta necesidade son motivadas a actuar en pro da súa autonomía nun escenario internacional. Algunhas causas derivan de: 1) causa de orixe externa, cando enfrontan a polarización subtraída da globalización e os gobernos centrais cada vez máis actúan con maior interdependencia, 2) diversificación da axenda internacional e a desaparición absoluta entre política exterior e interior, 3) proxectar recoñecemento internacional co fin de alcanzar os seus obxectivos e competencias internas (García, 1996).

Cada vez é máis frecuente a intervención de entidades subestatais na contorna das relacións internacionais. Existen diversos esquemas que perseguen estruturarse en torno ao carácter multicultural e plurinacional do Estado. As provincias de Canadá (Quebec), o caso belga, os estados dos Estados Unidos, as comunidades autónomas de España, os *Länder* de Alemaña, as óblast de Rusia, ademais da paradiplomacia cultural de Flandes, aparecen como algunhas das principais experiencias dentro desta contorna de paradiplomacia cultural (Arenas, 2018).

A continuación, para entender mellor a sincronía entre o concepto de diplomacia cultural e a paradiplomacia, imos analizar o caso de Canadá (Quebec), un Estado onde existen provincias que esixen un recoñecemento diferenciado e procesos de descentralización por parte das políticas exteriores dos gobernos centrais. As actuacións de Canadá foron cada vez máis acentuadas na presenza exterior subestatal, xerando maior proxección exterior das competencias internas, ademais de lograr que as entidades subestatais tomen a iniciativa de reclamar calquera área de competencia non acordada co goberno central e, á súa vez, reaccionen fronte ás pretensións de extensión da autoridade central, todo isto mediado polo apoio do goberno central. A pesar das súas dificultades ante a súa pluriculturalidade, Canadá estableceu distintos modelos de acción cultural exterior desde os ámbitos subestatais que establecen mecanismos efectivos de coordinación intergubernamental e sistematización de accións conxuntas entre as institucións centrais e subnacionais. Tales mecanismos foron necesarios para soste un equilibrio entre delegación e coordinación central da diplomacia cultural e así poder realizar, desde distintos modelos e sistemas de goberno, a proxección das culturas subnacionais (Martínez e Rius, 2016).

A súa actuación vese verificada dentro dun bo grao de coordinación e autonomía entre o goberno central quen é o responsable de encabezar a diplomacia cultural e a variedade de centros, actividades, programas e institutos culturais que apoian dita coordinación. Estes factores

mostran a eficiencia da coordinación nas actividades da diplomacia cultural, ante un sistema ou configuración desorganizada, que dispersa esforzos e duplica funcións que axudan a xerar maior capacidade e forza dentro das accións culturais exteriores (Rodríguez, 2015). Un claro exemplo disto foi a apertura da casa de Quebec en París. Isto significou un paso máis cara á apertura do recoñecemento de Quebec que, a través do tempo e o uso das súas relacións co exterior, serviuse de manobras de diplomacia cultural para difundir e florecer a súa nación canadense, franco-canadense e quebequense. A cultura foi un compoñente substancial nas relacións internacionais do goberno de Quebec que, á súa vez, é considerado un medio de penetración na identidade nacional que o proxecta como un Estado representante dunha nación.

Por tal motivo, a actividade internacional de Quebec si se compón da xestión dunha eficiente diplomacia cultural, xa que permitiu lograr maiores niveis de consenso e cooperación tanto a niveis internos e externos, a súa necesidade de salientar a cultura viuse suxeita ao dinamismo de Quebec, o cal sustenta unha vasta rede de representacións no exterior, así como un gran número de programas e acordos asinados con outros países, cheos de activismo internacional (Rodríguez, 2015). A súa demanda polo recoñecemento dunha sociedade distinta dentro da sociedade canadense e as estratexias despregadas para defender a súa identidade quebequense, trouxeron grandes froitos dentro dun contexto internacional actual.

6. A paradiplomacia cultural en España

No entanto, a descentralización dos gobernos centrais continúa sendo un gran reto para as entidades autónomas, sobre todo, cando existen discordancias referentes ao manexo da política exterior e se perseguen diferentes propósitos dentro das súas políticas, á par dunha mala coordinación e administración. En España, particularmente, o goberno central negouse a xestionar a diplomacia cultural en sintonía coas Comunidades Autónomas, xerando dificultades na creación e incentivación da paradiplomacia. De aí que un dos maiores desafíos institucionais consista en unir os principios de política interior e exterior dentro dun contexto que non permite vincular aos distintos niveis de goberno a través dunha serie de accións culturais de cooperación e intercambio. As Comunidades Autónomas non contan cunha garantía constitucional plena para participar na concreción e proxección da política exterior española; desta maneira negóuselles o seu dereito a ser escoitadas en procesos de sinatura e negociación de tratados e tampouco son claras as actividades que son permisibles, nin cal debe ser o réxime competencial dentro da internacionalización (Areas, 2018).

Ante iso, as Comunidades Autónomas tratan de desenvolver unha intensa e relevante actividade exterior cultural propia no sistema internacional nun restritivo marco estatal, que subliña as consideracións e criterios xerais sen incidir no núcleo das relacións internacionais. Posto que, as únicas medidas alternativas tomadas ante os devanditos desafíos foron, no seu momento, a creación desde finais do oitenta dunha serie de organismos como a Conferencia de Asuntos relaciones coa Comunidade Europea (CARCE), denominada desde 2010 Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE), e a Conferencia Sectorial de Cultura, onde ambos posuían entre os seus obxectivos, coordinar diversos aspectos da acción cultural exterior entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, ademais de

contribuír coa apertura á contribución autonómica e desenvolver o intercambio de información relacionada coa xestión da cultura e as políticas culturais (Martínez e Rius, 2016).

Desde ese intre, estiveron centrados na comunidade institucional e permitiron una certa coordinación de actividades exteriores, pero simultaneamente evidenciaron distintas tensións intergubernamentais entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas en canto á acción cultural exterior, xerando a reformación e incentivación de maiores organismos, polas reclamacións derivadas da ausencia de participación de distintas Comunidades Autónomas dentro da incentivación e contribución das súas accións culturais, para motivar a entrada dunha paradiplomacia cultural de valor.

En 2010, coa recente consolidación da Acción Cultural Española (ACE), permitiuse incluír na súa estrutura un Consello e unha Secretaría con presenza das institucións subestatais con competencias no sector, a pesar diso a súa estrutura brindou un papel máis protagónico ás institucións centrais do goberno (MECD, así como o Instituto Cervantes e a creación da Marca España), as cales restan peso ao carácter plurinacional de España (Martínez e Rius, 2016). Aínda que se maximicen os esforzos a través da consolidación de novas estratexias e programas, se non existe unha verdadeira sincronía na xestión da diplomacia cultural, o desenvolvemento de España carecerá dun equilibrio e tanto os avances como as accións non serán coherentes nin proporcionarán ningún valor favorable na promoción cultural e a cooperación.

Como xa é sabido, a política cultural institucional é un elemento central na proxección exterior dun país e en España séguese unha liña, no esencial, que conta con importantes institucións centrais e subestatais, que aínda que para a Comunidade Autónoma de Galicia e, outras Comunidades Autónomas, utilizan estes instrumentos para proxectar e fomentar a súa cultura e identidade nacional histórica. Esa proxección fundaméntase nos xenuínos trazos da súa identidade, cun idioma, un dereito civil e unha cultura propia. A paradiplomacia cultural galega céntrase baixo a participación do Consello da Cultura Galega, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Xunta de Galicia, onde ditas institucións teñen como obxectivo fortalecer os mecanismos de coordinación, cooperación e colaboración. Ademais, Galicia, a pesar de ser ameazada pola unificación, hoxe en día aposta máis por unha sociedade por unha unión integrada, que impulse a integración dun modelo de convivencia pacífica, solidaria, próspera e en igualdade, é dicir unha sociedade plural e sen as desigualdades actuais, sen renunciar ás raíces que integran a comunidade galega (Xunta de Galicia, 2018).

Galicia pola súa localización xeográfica posúe un abundante patrimonio cultural constituído por bens materiais e inmateriais, reflexo da súa identidade propia, así mesmo, sostén un valor turístico e cultural outorgado polo Camiño de Santiago, o feito Xacobeo á vez, da riqueza natural, gastronómica e a súa lingua (galego). Estes símbolos son emblemáticos e as principais atraccións de Galicia, que orixinan un valor central na súa cultura e un aspecto esencial ao momento de actuar ao exterior, isto quere dicir, que ao posúen unha identidade propia, lingua e unha cultura lusa e hispánica existe un gran potencial na cohesión de relacións con Portugal, Brasil, as restantes nacións iberoamericanas e as nacións da comunidade lusófonas, permitindo expandir a proxección de Galicia (Xunta de Galicia, 2018).

Dita proxección debe ser nutrida e integrada dentro da acción exterior. Para o caso de Galicia ese valor debe ser tomado fundamentalmente da súa cultura, posto que dela dependen

algúns dos símbolos máis representativos da imaxe galega no exterior. A paradiplomacia galega reflicte unha imaxe multicultural de España, promociona a súa cultura e patrimonio mediante o turismo que fan realmente recoñecer a Galicia como un compoñente central da integración de máis países, ao ser unha comunidade que de igual forma é integrada por unha diáspora de emigrantes. Resulta necesaria a coordinación da diplomacia cultural e a paradiplomacia de Galicia e, doutras Comunidades Autónomas, para crear e cimentar boas estratexias de política exterior e dar a España un verdadeiro recoñecemento de ser unha nación pluricultural e diversa. Por tal motivo, a relación entre a estratexia española e a estratexia galega de acción exterior debe buscar unha adecuación desde unha perspectiva integradora, onde, unha vez coñecido o seu panorama global e as súas características concretas, ambas poidan someterse a unha rigorosa reflexión da cultura e o significado que posúe Galicia para España e para outros países.

7. Consideracións finais

Para concluír, a diplomacia cultural debe ser conceptualizada de maneira máis ampla, atendendo ao que aconteceu no mundo das relacións internacionais e a inxerencia da cultura global no século XXI. A súa vez, ao momento de esclarecer máis este concepto, afirmase que resulta complexo e continúa sendo unha categoría de análise fundamental no amplo campo da nosa conxuntura internacional e política exterior dos países. Por iso, dita diplomacia cultural cada vez comprende máis a estratexia de política exterior dos países, onde resulta necesario o fortalecemento de nacións pluriculturales, co obxectivo de non limitar o alcance das súas actuacións que promovan a súa propia identidade. Ademais, de coordinar tanto políticas internas como externas, impulsando a internacionalización e demostrando, que realmente outras culturas poden actuar como un obxecto prioritario dentro das accións exteriores culturais.

Evidentemente, a integración de novos actores (ciudades, gobernos rexionais e locais até Estados non recoñecidos), escenarios e cambios estruturais impactaron dentro de as actividades e nos distintos obxectivos propios da diplomacia cultural. Como resultado, apareceron novos conceptos para describir e atender os cambios realizados polos devanditos novos actores en canto á xestión da diplomacia cultural, é dicir, fálase da integración de actividades exteriores culturais realizadas por entidades subestatais que se interpreta como a paradiplomacia cultural.

Tanto a diplomacia cultural e a paradiplomacia cultural amosan a importancia da creación dunha proxección cara ao exterior, incentivada polos valores dunha nación, a súa historia, as manifestacións artísticas e culturais; noutras palabras, aspectos que expresa na identidade dunha nación, coa finalidade de crear un entendemento mutuo, relacións máis estables e unha “mellor imaxe”.

Finalmente, a visibilidade e o activismo internacional de Estados e entidades subestatais como Canadá (Quebec), España (Galicia), por mencionar algunhas, foi posible grazas á cultura, un concepto que pode ser comprendido dentro da cooperación e promoción que segue os principios de política exterior dos países. Á súa vez, intégrase dentro das estratexias do *soft power*, o cal é participe do entendemento da diplomacia cultural.

Martha Tatiana Angeles Rivas, Facultad de Estudios Superiores Acatlán, grupo de investigación. Estudiante de RR. II.

Referencias

- ARENAS, A. G. (2018). Paradiplomacia: definiciones y trayectorias. *Papel Político*, 23 (2). doi. <https://doi.org/10.11144/Javeriana.papo23-2.pddt>
- Estudio Diplomacia Cultural. (2010). *Observatorio Vasco de la Cultura*, págs. 3-10. Obtenido de https://www.euskadi.eus/contenidos/informacion/keb_argit_kultura_diplomazia/es_def/adjuntos/Diplomacia_cultural.pdf
- GARCÍA, S. C. (1996). La actividad exterior de las entidades políticas subestatales. *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, (91), págs. 235-264. Obtenido de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/27378.pdf>
- MARTÍN, Z. M. (2020). Nuevos actores de la diplomacia cultural: ciudades, sociedad civil, RRSS y entorno digital. *Gremi d'Editors de Catalunya*. Obtenido de <https://issuu.com/gremieditorsdecatalunya/docs/2021-fundacion-alternativas-estado-de-la-cultura-e/s/11684000>
- MARTÍN, Z. M., RIUS, U. J. (2016). ¿La diplomacia cultural, una política de Estado? Articulación y descoordinación intergubernamental en la acción cultural exterior del Estado español. *Revista d'Estudis Autonòmics i Federals*, (24), págs. 115-154. doi: 10.2436/20.8090.01.2
- MONTOYA, R. S. (2012). La redefinición de la diplomacia cultural en el mundo contemporáneo. *Observatorio de Análisis de los Sistemas Internacionales (OASIS)*, (17), págs. 165-202. Obtenido de <https://www.redalyc.org/pdf/531/53130269009.pdf>
- RODRÍGUEZ, B. F. (2014). Diplomacia Cultural. Una nota exploratoria. *Observatoire des Amériques Montréal*, 14 (3), págs. 1-9. Obtenido de https://ceim.uqam.ca/db/IMG/pdf/cda_volume_14_numero_3_juin_2014.pdf
- RODRÍGUEZ, B. F. (2015). Cultura y Diplomacia: La Diplomacia Cultural de Quebec a 50 años de la Doctrina Gérin-Lajoie. *Reflexión Política*, 17 (33), págs. 6-19. Obtenido de <https://www.redalyc.org/pdf/110/11040046002.pdf>
- RODRÍGUEZ, B. F. (2015). Diplomacia cultural ¿Qué es y qué no es? *Espacios Públicos*, 18 (43), págs. 33-49. Obtenido de <https://www.redalyc.org/pdf/676/67642415002.pdf>
- SADDIKI, S. (2009). El papel de la diplomacia cultural en las relaciones internacionales. *Revista CIDOB d'Afers Internacionals*, (88), págs. 107-118. Obtenido de https://www.cidob.org/es/articulos/revista_cidob_d_afers_internacionals/88/el_papel_de_la_diplomacia_cultural_en_las_relaciones_internacionales
- Xunta de Galicia. (2018). *Estrategia Gallega de Acción Exterior (EGAEX)*. Obtenido de <https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/exteriores-ue/estrategia-galega-de-accion-exterior>